

# FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO




carlosgallegodominguez.com

## CUESTIONARIO

**LETRAS GALEGAS**  
**17 DE MAIO DE 2023**


*SeminarioGalán.org*



## FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO



O DÍA DAS LETRAS GALEGAS FOI INSTITUÍDO POLA REAL ACADEMIA GALEGA NO ANO 1963 A PROPOSTA DE FRANCISCO FERNÁNDEZ, ENTRE OUTROS, PARA CONMEMORAR O CENTENARIO DA PUBLICACIÓN DO LIBRO «CANTARES GALLEGOS» DE ROSALÍA DE CASTRO, O 17 DE MAIO DE 1863.



1. En que ano se instituíu o Día das Letras Galegas?

---

2. En que data se publicou «Cantares Gallegos»?

---



A REAL ACADEMIA GALEGA DEDÍCALLE O DÍA DAS LETRAS 2023 A FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO POLA SÚA DEFENSA DA NOSA LINGUA E A NOSA CULTURA. FRANCISCO FOI UN DOS INSPIRADORES DA CREACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS, DO QUE SE CUMPLE O SEU SESENTA ANIVERSARIO.



3. A quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas?

---

4. De que foi inspirador Francisco?

---

FRANCISCO JESÚS BENITO ANTONIO FERNÁNDEZ DEL RIEGO NACEU NA LOCALIDADE LUGUESA DE VILANOVA DE LOURENZÁ, UN 7 DE XANEIRO DE 1913. ERA O PRIMOXÉNITO DOS ONCE FILLOS E FILLAS DE VICENTE E AMADA.



5. Onde naceu Francisco Fernández?

6. Como se chamaban seus pais?

A PROCLAMACIÓN DA II REPÚBLICA, O 14 DE ABRIL DE 1931, PILLOU A TODA A FAMILIA DE FRANCISCO EN MADRID. NO VERÁN DESE MESMO ANO E PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA DE GALICIA, FRANCISCO IZOU A BANDEIRA GALEGA NO BALCÓN DO CONCELLO DA SÚA VILA NATAL, LOURENZÁ.



7. Onde estaba a familia de Francisco cando se proclamou a II República?

8. Que bandeira izou no concello de Lourenzá o 25 de xullo? Arrodea

**A PORTUGUESA   A GREGA   A CUBANA   A GALEGA  
A CATALANA   A ESPAÑOLA   A FRANCESA   A AMERICANA**

4

O 1 DE XANEIRO DE 1932 FRANCISCO INGRESOU NO PARTIDO GALEGUISTA. CHEGOU A SER SECRETARIO XERAL DE ULTREYA, A SÚA ORGANIZACIÓN XUVENIL, E PRIMEIRO SECRETARIO XERAL DA FEDERACIÓN DAS MOCEDADES GALEGUISTAS.



9. En que partido político militou Francisco?

---

10. Que era Ultreya?

---

5

O PARTIDO GALEGUISTA CREOUSE NA CIDADE DE PONTEVEDRA A FINAIS DO ANO 1931 E ENTRE OS SEUS MEMBROS ESTABA ALFONSO CASTELAO, ALEXANDRE BÓVEDA, ÁLVARO CUNQUEIRO... O PARTIDO DISOLVEUSE O 25 DE XULLO DE 1950.



11. Cando se creou o Partido Galeguista?

---

12. En que cidade se creou o Partido Galeguista? Arrodeaa.

**LUGO A CORUÑA RIBADEO VERÍN CULLEREDO  
PONTEVEDRA VIGO CARBALLO GUITIRIZ PORTAS**

# 6

O 21 DE OUTUBRO DE 1923 CONSTITUÍUSE O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS E TIVO A SÚA PRIMEIRA XUNTANZA NA UNIVERSIDADE O 27 DE SE MESMO MES, ESE DÍA TAMÉN APROBARON OS ESTATUTOS. O SEU PRIMEIRO PRESIDENTE FOI ARMANDO COTARELO VALLEDOR.



13. Que se constituíu o 21 de outubro de 1923?

---

14. Quen foi o seu primeiro presidente?

---

# 7

DURANTE A SÚA ESTANCIA EN SANTIAGO FRANCISCO INGRESOU NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, UNHA ORGANIZACIÓN CREADA NO ANO 1923 POLO GALEGUISMO PARA O ESTUDO E A DIVULGACIÓN DO NOSO PATRIMONIO CULTURAL E A FORMACIÓN DE INVESTIGADORES.



15. En que cidade estaba Francisco cando ingresou no Seminario de Estudos Galegos?

---

16. Para que se creou o Seminario?

---

# 8

DESPOIS DO GOLPE DE ESTADO DE 1936 AS AUTORIDADES FRANQUISTAS INHABILITAN A FRANCISCO PARA SEGUIR DANDO CLASES NA UNIVERSIDADE. CHÁMANO A FILAS E DESTÍNANO A DIFERENTES LOCALIDADES: SEVILLA, SALAMANCA, ZARAGOZA, VALDEORRAS... E FINALMENTE, EN 1939, A VIGO.



17. Onde daba clases Francisco?

---

18. A que cidade chegou en 1939? Arrodea.

**CEDEIRA    BEGONTE    SILLEDA    MONFORTE DE LEMOS    VIGO**  
**OURENSE    NOIA    PEDRAFITA    CARRIL**

# 9

EN VIGO ENTRA A TRABALLAR COMO PASANTE NO BUFETE DE PAZ ANDRADE. COMPATIBILIZA ESTE TRABALLO CO DE PROFESOR NOS COLEXIOS VIGUESES MEZQUITA E LABOR. EN 1940 CASA CON EVELINA HERVELLA, Á QUE COÑECERA DURANTE A SÚA ESTADÍA EN VALDEORRAS.



19. En que dous colexios vigueses traballou?

---

20. Cal era o nome da súa muller? Onde se coñeceron?

---

---

---

A EDICIÓN DE LIBROS EN GALEGO DESPOIS DA GUERRA CIVIL ERA CASE NULA. OS LIBROS NO NOSO IDIOMA SÓ SE EDITABAN NO EXILIO AMERICANO E FRANCISCO VIAXOU A ARXENTINA PARA TER CONTACTO COS IMPULSORES DESTAS INICIATIVAS, COMO LUÍS SEOANE.



21. Onde se editaban os libros en galego despois da Guerra Civil?

---

22. Quen foi un dos impulsores da edición de libros galegos en Arxentina?

---

«DANZAS POPULARES GALEGAS» FOI PUBLICADO POR EDICIÓN GALEGA DO CENTRO GALEGO DE BOS AIRES, NA ARXENTINA, NO ANO 1950. NESTA OBRA FRANCISCO FERNÁNDEZ FAI UN REPASO SOBRE AS DANZAS TRADICIONAIS MÁIS REPRESENTATIVAS DO NOSO PAÍS.



23. Quen publicou «Danzas populares galegas»?

---

24. De que trata este libro de Francisco Fernández del Riego?

---

O 25 DE XULLO DE 1950 NO BODEGÓN DO HOTEL COMPOSTELA, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, TIVO LUGAR A ASAMBLEA FUNDACIONAL DA EDITORIAL GALAXIA.  
A PRESIDENCIA DA EDITORIAL SERÁ EXERCIDA POR RAMÓN OTERO PEDRAYO.



25. Que editorial se fundou no Hotel Compostela, un 25 de xullo de 1950?

---

26. Quen foi o seu primeiro presidente?

---

NA EDITORIAL GALAXIA, FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO TERÁ UN PAPEL MOI IMPORTANTE: DESEÑA LIBROS, CORRIXE, ATENDE A CORRESPONDENCIA, LEVA E RECOLLE ENVÍOS DE LIBROS, ADMINISTRA O PRESUPOSTO...



27. En que editorial traballou Francisco?

---

28. Cita dous traballos que facía Francisco na Editorial Galaxia?

---



# 14

O PRIMEIRO LIBRO PUBLICADO POLA EDITORIAL GALAXIA FOI «ANTÍFONA DA CANTIGA» DE RAMÓN CABANILLAS E QUE SAÍU DO PRELO EN ABRIL DE 1951. ESTA PUBLICACIÓN É UNHA SELECCIÓN DE CASE NOVECENTAS CANTIGAS POPULARES GALEGAS.



29. Cal foi o primeiro libro publicado pola Editorial Galaxia?

\_\_\_\_\_

30. Cantas cantigas populares tiña o libro?

\_\_\_\_\_

# 15

A FUNDACIÓN PENZOL FOI CREADA EN 1963 PARA CONSERVAR A BIBLIOTECA DE FERMÍN FERNÁNDEZ PENZOL. ESTA FUNDACIÓN, COA SEDE EN VIGO, SERÁ PRESIDIDA POR FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO ATA O ANO 2010.



31. Para que se creou a Fundación Penzol?

\_\_\_\_\_

32. Onde ten a súa sede a Fundación?

\_\_\_\_\_

FRANCISCO ENTROU NA REAL ACADEMIA GALEGA NO ANO 1960 EXERCENDO A PRESIDENCIA DA ENTIDADE DE 1997 A 2001. EN 1963 PROPUXO A CREACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS, COINCIDINDO CO CENTENARIO DA PUBLICACIÓN DE «CANTARES GALLEGOS» DE ROSALÍA DE CASTRO.



33. De que Academia foi membro Francisco Fernández del Riego ?

---

34. Que proposta fixo?

---

## FRANCISCO FERNÁNDEZ DE RIEGO

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2023

**NOME:** \_\_\_\_\_

**CURSO:** \_\_\_\_\_